

# ADAPTACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA. CURSO 2019/2020

CENTRO: CEIP DE CEDEIRA  
CURSO: 1º DE PRIMARIA  
MATERIA: Educación Musical  
DEPARTAMENTO:  
DATA: 8 de maio de 2020

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

## ÍNDICE

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.
2. Avaliación e cualificación.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)
4. Información e publicidade.

### 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
B1.4. Comunicar utilizando un vocabulario adecuado ás sensacións e ás impresións sentidas na audición.	EMB1.4.1. Comenta os aspectos básicos dunha audición e os sentimentos que suscitou.
B2.2. Exercitar as vocalizacións e as pronuncias interpretando un pequeno repertorio de cancións sinxelas e practicando a improvisación.	EMB2.2.1. Interpreta individualmente algunha canción sinxela.
B2.3. Reproducir, crear e representar esquemas rítmicos e melódicos coa voz, o corpo, os instrumentos e patróns de movemento.	EMB2.3.4. Utiliza ostinatos rítmicos moi sinxelos para o acompañamento de cancións e pezas instrumentais.
B3.2. Coñecer e valorar as posibilidades sonoras, de movemento e expresivas do corpo.	EMB3.2.3. Utiliza o corpo como instrumento para a expresar os sentimentos que lle produce a música.

<b>2. Avaliación e cualificación</b>	
<b>Avaliación</b>	Procedementos: Diálogo a través de videoconferencia co alumnado. Observación de vídeos, fotografías ou documentos que se poden entregar.
	Instrumentos: Escala de observación
<b>Cualificación final</b>	A nota final será o resultado de calcular a media da nota dos dous primeiros trimestres. Esta nota poderase incrementar en función da participación nas actividades propostas, demostradas nas videoconferencias ou na entrega de fotografías, documentos ou vídeos.
<b>Proba extraordinaria de setembro</b>	
<b>Alumnado de materia pendente</b>	Non hai alumnado coa materia pendente.

<b>3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)</b>	
<b>Actividades</b>	Proposta de cancións para interpretar vocalmente. Proposta de audicións con musicograma. Proposta de traballos sobre instrumentos musicais.
<b>Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade)</b>	Segundo unha enquisa realizada a través de abalarMóbil e segundo a información da titora todo o alumnado dispón de conexión a internet. As propostas de traballo son colgadas no apartado correspondente da páxina web do colexio. O alumnado ou a súa familia poden realizar consultas a través dun enderezo de correo electrónico.
<b>Materiais e recursos</b>	Dispositivo con conexión a internet, utensilios cotiáns.

<b>4. Información e publicidade</b>	
<b>Información ao alumnado e ás familias</b>	Páxina web, abalarMóbil e correo electrónico.
<b>Publicidade</b>	Páxina web do centro